

## PUBLICACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA CAMPOS DE TRABALLO 2019

(Resolución do 23/04/2019 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 85 do 6/05/2019)

PAÍS : CUBA

Data publicación: 15/07/2019

De acordo co disposto no artigo 8, apartado catro da convocatoria públicase a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. As solicitudes admitidas levan a mención "COMPLETA" na columna ESTADO DA SOLICITUDE, e as excluídas aparecen coa mención "EXCLUÍDA". Na columna ARTIGOS QUE INCUMPRE e MOTIVOS DE EXCLUSIÓN o artigo e os motivos de incumprimento, para os efectos de identificar as causas de exclusión. As persoas solicitantes poderán consultar o texto completo dos requisitos ao final desta páxina.

APELIDOS	NOME	FINANCIAMENTO	PAÍS	COMPLETA / EXCLUIDA	ARTIGOS QUE INCUMPRE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN / OBSERVACIONES
ARIAS SOLER	FRANK LUÍS	100%	CUBA	COMPLETA		
CUELI NARANJO	MARIA DE LOS ANGELES	100%	CUBA	COMPLETA		
NUÑEZ GUERRA	IDALBERTO	100%	CUBA	COMPLETA		
PACHO SAAVEDRA	ERNESTO ALEJANDRO	100%	CUBA	COMPLETA		

## DESCRICIÓN DOS REQUISITOS

- 3.1.a) Ter residencia habitual fóra de Galicia.
- 3.1.b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.
- 3.1.c) Ter nacionalidade española.
- 3.1.d) Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes . Requisito non exixible ás persoas participantes procedentes do resto de España.
- 3.1.e) Ter unha idade entre 20 e 30 anos o 30 de xuño do ano da convocatoria.
- 3.1.f) Non ter participado na mesma modalidade en edicións anteriores deste programa.
- 3.1.g) Para as prazas financiadas ao 100% da axuda do custo da viaxe, os solicitantes non deben contar con ingresos superiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para o ano da convocatoria, do país de residencia do solicitante. Para os solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por ancianidade establecida polo Estado español para o ano da convocatoria.  
Para as prazas financiadas ao 50% da axuda do custo da viaxe, as persoas solicitantes non poderán ter ingresos superiores a catro veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria.  
Se o solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes segundo o anterior, pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70% da devandita cifra polo número das persoas que convivan menos unha. Para o resto das prazas, non se establecerá límite de ingresos.

Art. 68.1 da Lei  
39/2015, do 1 de  
outubro

Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos términos previstos no artigo 21.

## RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo con disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.